Documentación - Coñecer os documentos para a programación da produción	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os documentos utilizados para a programación da produción. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer os documentos para a programación da produción. Proba escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer os documentos para a programación da produción. 	<ul style="list-style-type: none"> Información en soporte escrito. Internet Videos y películas 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - BC5.CURRICULUM 	5,0
Definir os métodos de seguimento da produción. - Identificar los métodos de produción		<ul style="list-style-type: none"> Explicar os documentos utilizados para o seguimento da produción. Coñecer os documentos de seguimento da programación da produción. Proba escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer os documentos para o seguimento da produción. 	<ul style="list-style-type: none"> Información en soporte escrito. Internet Videos y películas 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - BC5.CURRICULUM PE.2 - BC5.CURRICULUM PE.3 - BC5.CURRICULUM PE.4 - BC5.CURRICULUM 	3,0
TOTAL						8,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	MANTEMENTOS DE MÁQUINAS E EQUIPAMENTOS	4

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Xestióna os programas de mantemento das instalacións produtivas, e analiza a súa influencia na fiabilidade da produción.	SI

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as maquinaria	1	Analizar a maquinaria da aula taller, e a normativa	2,0
2.1 Conecer os tipos de mantemento e frecuencia.	2	Mantenimiento das máquinas.	2,0
TOTAL			4

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.1 Analizáronse os tipos de mantemento industriais.	• PE.1 - BC6.CURRICULUM	S	29
CA6.2 Analizouse o mantemento requirido por unha liña de produción tipo.	• PE.2 - BC6.CURRICULUM	N	5
CA6.3 Deseñáronse fichas de control de mantemento de equipamentos, máquinas e instalacións.	• PE.3 - BC6.CURRICULUM	S	28
CA6.4 Planificouse o mantemento de todas as máquinas, os equipamentos e as instalacións dunha liña de produción tipo.	• PE.4 - BC6.CURRICULUM	N	5
CA6.5 Realizouse o mantemento das máquinas da aula/taller segundo unha planificación determinada.	• PE.5 - BC6.CURRICULUM	N	5
CA6.6 Avaliouse un mantemento preventivo.	• PE.6 - BC6.CURRICULUM	S	28
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
Manual de mantemento: conservación, manipulación, revisións, normas de seguridade, etc.
Manuais de máquinas: instalación, instrucións, garantías e normativa.
Conservación de equipamentos e máquinas. Tipos de mantemento: correctivo (etapas e accións), preventivo (características e control) e predictivo (vantaxes e inconvenientes). Fases do servizo de mantemento e documentos de control.

Contidos
Programa e manuais de mantemento: fases da posta en práctica. Fichas técnicas: orde de traballo, folla de equipamento, etc.
Recambios e repostos. Frecuencia e tipos de intervencións: consumo, vida útil, existencias de pezas, prazos de subministracións, etc.
Programas informáticos de xestión e control de mantemento: ordes de reparación, pedidos de mercadería, asignación de tarefas, facturación, control do inventario, etc.
Historial e arquivo de máquinas e equipamentos.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Análizase a maquinaria da aula taller, e a normativa - Coñecer a maquinaria, e a súa normativa	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das máquinas do taller e do seu mantemento Explicación polo profesor da normativa de seguridade sobre o manexo de máquinas na aula taller 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecerán os manuais sobre a maquinaria Os alumnos realizen tarefas de mantemento. Proba escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer os manuais de mantemento das máquinas, e as consecuencias dun mal funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> Información soporte papel Internet Vídeos sobre o tema. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - BC6.CURRICULUM 	2,0
Mantenimento das máquinas. - Coñecer as etapas e accións del mantemento	<ul style="list-style-type: none"> Explicar instrucións e mantemento, lubricación, limpeza e as recomendacións de mantemento. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecerán o mantemento correctivo, para un bo funcionamento das máquinas. Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer o mantemento das máquinas, e as consecuencias dun mal funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> Información soporte papel Internet Vídeos sobre o tema. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - BC6.CURRICULUM PE.3 - BC6.CURRICULUM PE.4 - BC6.CURRICULUM PE.5 - BC6.CURRICULUM PE.6 - BC6.CURRICULUM 	2,0
TOTAL						4,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Dado que se trata dunha ensinanza presencial, o alumno deberá asistir regularmente as clases, considerándose perda de avaliación continua cando, o número de faltas ás clases no centro de formación supere o 10% sen xustificar e o 10% xustificadas das sesións de 60 minutos das que se compoñe o módulo, conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011. As faltas que se xustificarán ao alumno, serán as valoradas polo docente segundo a guía de acollida ao alumno para o curso escolar 2023-2024.

Os mínimos para acadar a avaliación positiva do presente módulo, evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado, cun grado de participación activa nas probas teóricas e/ou os traballos a desenvolver ao longo do presente curso académico.

Establecéronse unha serie de criterios de avaliación mínimos, considerados como clave para a consecución positiva dos resultados de aprendizaxe deste módulo. A continuación enuméranse os mínimos esixibles para acadar o aprobado do presente módulo reflexados no apartado 4.c. da presente programación por cada unidade didáctica:

UD1: Aproveccionamiento

.CA1.1 - Identifícaronse as necesidades de materias primas e compoñentes.

CA1.2 - Calculouse a frecuencia do abastecemento en relación aos lotes de produción.

CA1.3 - Determináronse a localización e o tamaño das existencias

CA1.6 - Determinouse o plan de aprovisionamento.

CA1.7 - Tivéronse en conta tempos de subministración.

UD2: Xestión de almacenes.

CA2.1 - Identifícaronse os procedementos para a recepción de materias primas, compoñentes e produtos

CA2.2 - Determináronse as condicións de conservación e almacenaxe de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.

CA2.3 - Tívoise en conta a normativa.

CA2.4 - Identificouse a simboloxía específica para a conservación e a almacenaxe de materias e produtos.

CA2.5 - Relacionouse o método de almacenaxe coas características do produto e o espazo dispoñible.

CA2.6 - Determinouse o tipo de embalaxe e o sistema de etiquetaxe.

CA2.8 - Estableceuse o método para o control do inventario.

UD3: Programación da produción.

CA3.1 - Relacionouse a cantidade de pezas que cumpra confeccionar co prazo de execución e a capacidade de produción necesaria.

CA3.2 - Determinouse o tamaño óptimo dos lotes de produción.

CA3.3 - Identifícanse os equipamentos, o útiles e as instalacións dispoñibles que respondan ao procedemento establecido.

CA3.4 - Identifícase a ruta que deba seguir o material en proceso.

CA3.7 - Identifícanse os camiños críticos da produción.

CA3.8 - Determináronse a produción por unidade de tempo para satisfacer a demanda no prazo previsto.

UD4: Control a produción.

CA4.1 - Identifícanse os documentos necesarios para programar e controlar a produción.

CA4.3 - Xeráronse os documentos de traballo: follas de ruta, listaxe de materiais, fichas técnicas, follas de instrucións e control estatístico do proceso, etc.

UD5: Documentación.

CA5.1 - Identifícase o modelo de control da produción máis acaído para o proceso de fabricación.

CA5.2 - Determinouse o método de seguimento da produción que permita mellorar o control desta e o tempo de reacción, en caso necesario.

CA5.3 - Caracterizáronse modelos de reprogramación para períodos de especial disposición de recursos ou modificación da demanda.

UD6: Mantenimento de máquinas e equipamentos

CA6.1 - Analizáronse os tipos de mantemento industriais.

CA6.3 - Deseñáronse fichas de control de mantemento de equipamentos, máquinas e instalacións.

CA6.6 - Avaliouse un mantemento preventivo

1ª Evaluación

UD1, UD2

100% exames

2ª Evaluación

UD 3, UD 4, UD 4, UD 5

90% exames

10% traballos individuais propostos

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

A cualificación dos resultados de aprendizaxe virá dado utilizando os seguintes instrumentos:

Para considerar superado cada resultado de aprendizaxe, o alumnado debe obter como mínimo o 50% da puntuación máxima do resultado de aprendizaxe cos criterios de avaliación considerados como mínimos.

- Proba escrita: composta de preguntas tipo test, preguntas de verdadeiro falso e preguntas de resposta curta etc., que permitirán avaliar non soamente o dominio dos contidos, senón tamén a comprensión lectora, a claridade e o rigor das explicacións, e a capacidade de síntese. Esta proba deberá alcanzar unha nota mínima de 5/10.

- A entrega de traballos é requisito obrigatorio para superar o módulo. Os traballos deberán alcanzar os mínimos propostos para cada traballo, e obter unha nota mínima de 5 sobre 10.

Se o alumno/a non superase algún traballo, por non entregalo ou non superar os mínimos, terá que facer a recuperación final do traballo trimestral non superado, no mes de xuño. Para superar positivamente unha avaliación, será necesario obter un 5 por cada resultado de aprendizaxe.

Para determinar a nota da avaliación será preciso calcular a nota por cada unidade didáctica correspondente á devandita avaliación. A nota de cada unidade didáctica determinarase como a suma ponderada dos instrumentos de avaliación empregados nesa unidade didáctica, cuxos pesos veñen establecidos no punto 4.c. da presente programación.

Fixase unha puntuación mínima dun 5 en cada instrumento de avaliación como condición para poder realizar a suma ponderada de cada unidade didáctica. Os instrumentos de avaliación se calcifican de 0 a 10 puntos. A nota global da avaliación e a nota final do módulo, calcularanse de maneira ponderada segundo o peso de cada unidade didáctica no cómputo global do módulo e que está establecido no punto 3.a. da presente programación.

- A nota global da avaliación ou a nota final do módulo con decimais, redondearase ao número máis próximo, e no caso de que o dígito decimal sexa de 5, o redondeo farase ata o número enteiro superior, a excepción de se o dígito enteiro é 4, que neste caso sexa cal sexa o número decimal redondearase ata o número enteiro 4.

As cualificacións dos resultados descritos aplicaranse en cada avaliación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumnado que non teñan superado algún resultado de aprendizaxe, prepararáselle tarefas e cuestións e poderá preguntar as dúbidas que lle xurdan, sobre todo no tempo establecido na guía de acollida do centro para o alumnado neste curso escolar 2022-23, e no seu caso, as horas previstas no horario do profesor. En ningún caso serán clases de toma de apuntes. E no mes de xuño aplicaráselle de novo os mesmos instrumentos de avaliación correspondentes a dito resultado de aprendizaxe para a súa superación. No caso de que se encontre dous ou máis unidades didácticas no resultado de aprendizaxe, realizarase de novo os instrumentos de avaliación para cada unidade didáctica.

Así, por exemplo, o alumnado que non superou unha unidade didáctica cuxa avaliación levouse mediante unha proba escrita, deberá facer unha proba escrita de recuperación, y/o en cuxo caso se se fixo un traballo de desenvolvemento, o alumnado deberá presentar de novo o traballo coas novas indicacións aportadas polo profesorado.

Para a superación da unidade didáctica deberá obterse unha puntuación dun 5 por cada un dos instrumentos de avaliación utilizados en dita unidade didáctica, en base aos criterios mínimos esixibles, e a nota de cada unidade calcularase como xa se explicou, aplicándoa agora á nota de recuperación.

A nota global de cada avaliación e a nota final do módulo con decimais, redondearase ao número máis próximo. Sempre que o dígito decimal sexa de 5 ou maior de 5, o redondeo farase ata o número enteiro superior, agás de que o dígito enteiro sexa 4, que neste caso sexa cal sexa o número decimal, redondearase ata o número enteiro 4.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 estas ensinanzas son presenciais, deste xeito o alumnado deberá asistir regularmente as clases. O alumnado cuxas faltas ás clases no centro de formación supere o 10% sen xustificar e o 10% xustificadas das sesións de 60 minutos das que se compoñe o módulo, terá perda de dereito a avaliación continua. As faltas que se lle xustificarán ao alumnado, serán as valoradas polo profesorado segundo a guía de acollida do alumnado para o presente curso 2022-23.

O alumnado que teña perdida de dereito á avaliación continua, deberá realizar no mes de xuño unha proba escrita dos considerados como mínimos esixibles e que se indican en cada criterio de avaliación, e que son xulgados como clave para la consecución positiva dos resultados de aprendizaxe deste módulo.

O alumnado deberá obter unha puntuación mínima dun 5 sobre 10, sendo o peso de dita proba nos criterios avaliación do 100%.

A nota global de cada avaliación e a nota final do módulo con decimais, redondearase ao número máis próximo. Sempre que o dígito decimal sexa de 5 ou maior de 5, o redondeo farase ata o número enteiro superior, agás de que o dígito enteiro sexa 4, que neste caso sexa cal sexa o número decimal, redondearase ata o número enteiro 4.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O obxectivo da avaliación da propia práctica docente é a mellora continua do noso traballo. Os aspectos a avaliar serán a consecución dos resultados de aprendizaxe, a adecuada temporalización dos contidos, a validez dos criterios de avaliación utilizados, e a eficacia dos medios de recuperación e da atención á diversidade.

As ferramentas que se utilizarán serán o seguimento da programación, a avaliación da práctica docente por parte do alumnado e a memoria final do curso.

O seguimento da programación.

Unha parte importante da avaliación correspóndese coa eficacia do propio proceso de ensinanza/aprendizaxe concretada na revisión da programación. A programación será realizada polo profesorado e será sometida a seguimento ao longo do curso. Segundo o artigo 23 da orde de 12 de xullo de 2011, cada departamento da familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento da programación e a indicación xustificada no caso de desviacións. O seguimento farase a través das reunións ordinarias do departamento cada mes e coa aplicación das programacións. Levarase a cabo na plataforma da Consellería de Educación, e avaliarase e analizarase a temporalización, as dificultades atopadas na realización das tarefas, a realización de actividades non programadas e as propostas de mellora para o próximo

curso.

A avaliación da práctica docente por parte do alumnado.

O instrumento para realizar a autoavaliación da programación, farase cunha enquisa ao alumnado que será cuberta de maneira individual e anónima. No plan de calidade contemplarase a realización da mesma ao alumnado na que se expresarán varios aspectos específicos, sendo especialmente importantes a percepción ao inicio do curso das actividades. Se ten claro o que se lles vai explicar, o que van ter que facer, e sobre todo o que se lles vai avaliar. Ao final do curso farase unha avaliación de todos os elementos curriculares e as conclusións extraídas serán recollidas na memoria de departamento.

A memoria final de curso.

Ao final do curso farase unha avaliación de todos os elementos curriculares e as conclusións extraídas serán recollidas na memoria de departamento. Na memoria final, reflexarase canto alumnado superou o módulo, as incidencias, e propostas para o curso posterior que se consideren oportunas, dentro dun proceso de observación de fallas, e propostas de solucións, que perseguen un proceso de mellora continua. Os principais indicadores do grao de execución da programación serán o cumprimento da temporalización, o logro dos obxectivos programados, os resultados académicos acatados e observación e incidencias que o profesorado considere resaltar.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 2/2006 de 3 de Maio, de Educación, darase resposta á atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo baseándonos nos principios de normalización e inclusión. Referímonos ao alumnado con necesidades educativas especiais, alumnado con altas capacidades intelectuais, así como ao alumnado estranxeiro incorporado ao noso sistema educativo.

Non obstante, ao comezo do módulo, así como ao inicio de cada unidade didáctica, levarase a cabo unha avaliación inicial para dispor da información relacionada coas necesidades do alumnado. No caso de detectar algunha necesidade, o alumnado dirixirase ao departamento de orientación para unha valoración máis precisa.

No momento da realización da avaliación inicial, se revisarán os expedientes do alumnado na procura de datos que permitan detectar algunha destas necesidades. O responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas do alumnado é o profesorado titor nun traballo consensuado polo equipo docente do ciclo, que coordinará a elaboración e implementación do reforzo ou a adaptación curricular, coa colaboración do Departamento de Orientación do centro educativo e do Equipo de Orientación Específico da provincia



8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Unha vez detectadas as necesidades educativas do alumnado, propoñerase para cada un deles e de maneira individualizada diferentes actuacións, xunto con outras acordadas dentro do marco do equipo docente, segundo os casos e as situacións.

Os obxectivos que debe alcanzar todo o alumnado son os mesmos, o que implica que no caso de ser necesario e que o alumnado o necesite, suxerirase unhas adaptacións curriculares non significativas, é dicir, adaptaranse os tempos, a metodoloxía, as actividades, os materiais didácticos, a atención personalizada, etc., co obxecto de que este alumnado poida chegar aos mínimos. Para atender ás necesidades do alumnado, tanto as relacionadas cos contidos como co seus intereses, elaborárase unha serie de medidas de reforzo ou ampliación.

Algunhas actividades de reforzo que se propoñerán para salientar as dificultades de base, como son a comprensión lectora, os cálculos matemáticos básicos, a expresión escrita (redacción, ortografía, etc.), do alumnado que cursou unha FP básica e pasou do ciclo medio ao superior, e o alumnado que leva moito tempo apartado dos estudos serán:

Dar orientacións ao alumnado dos coñecementos básicos previos ao principio de cada unha das unidades didácticas.

Facilitar materias e/ou actividades de reforzo, co apoio do profesorado para que o alumnado con dificultades poida seguir o ritmo do grupo.

Explicacións individualizadas e solucións ás dúbidas do alumnado por parte do profesorado nas horas de titorías asinadas no horario do docente.

Facilitar ao alumnado actividades diferenciadas en grao de complexidade para traballar o contido que se está a tratar no grupo.

En canto aos alumnos que pidan ampliar coñecementos, propoñerase tarefas como:

Traballos de investigación que lles permita indagar en profundidade nos contidos.

Propostas de resolucións de supostos prácticos que se adapten as súas necesidades.

Recomendacións de certas lecturas relacionadas cos conceptos a tratar no grupo co obxectivo de poder profundar máis nos mesmos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A natureza dos contidos deste módulo, facilitan a transmisión de certos valores que forman parte dos chamados contidos transversais. É importante incidir nestes asuntos por supoñer aspectos claves relacionados coa práctica educativa e laboral.

Débese orientar as actividades de ensinanza/aprendizaxe dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular de xénero.

O trato non discriminatorio aos demais por razón algunha, estará moi presente na aula en todo momento, e todos os contidos colaboraran na dirección da igualdade e a non discriminación, especialmente dende dos puntos de vista, o respecto a outras culturas e a empatía polas persoas en diferentes etapas da vida, ou con problemas de saúde.

Ao longo de cada unha das unidades didácticas traballarase un conxunto de contidos educativos que adquiren unha importancia relevante na sociedade actual e dos que se destacan os seguintes:

Respecto aos dereitos e liberdades, a diversidade e a interculturalidade. Toma conxunta de decisións e respecto ás mesmas, resolución conxunta de actividades, participación nas actividades de convivencia que o centro desenvolva, realización de visitas e xornadas de convivencia extraescolar.

Igualdade efectiva e real de home e muller. Linguaxe non sexista, reparto igualitario de tarefas, parellas mixtas ou formación de grupos equitativos, fomento do diálogo.

Educación interdisciplinar. Na liña coa educación en valores, tamén débese ter en conta a interdisciplinariedade. Así os contidos do módulo non se deberán impartir illados, senón en relación cos outros módulos do mesmo título.

Uso das novas tecnoloxías. Os recursos informáticos serán fundamentais para o desenvolvemento adecuado da programación. Durante o curso farase uso da aula de informática para distintas actividades que se concretan nas unidades didácticas. Internet mostra ao alumnado unhas posibilidades enormes para utilizar como recurso na consecución das actividades a realizar. Ademais o uso de programas para editar textos, etc., para levar a cabo as diferentes tarefas que se poidan suxerir no desenvolvemento das actividades.

Educación medioambiental. Reciclado do papel e material sempre que sexa posible, concienciación do consumo responsable e da necesidade de velar pola saúde do noso Planeta dende o punto de vista da materia que tratamos neste módulo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares deben contribuír a lograr unha formación plena e integral do alumnado. Con estas actividades o alumnado terá que percibir a medida que avanza o curso, a relación cos contidos, xa que todos buscan dotar ao alumnado das distintas competencias asociadas a súa profesión, e a cooperación de todo o equipo ao servizo da calidade na súa formación. A programación e o desenvolvemento de estas actividades potenciarán os valores relacionados coa socialización, a participación, a cooperación, a integración, o respecto da opinión dos demais e a aceptación de responsabilidades.

As actividades complementarias e extraescolares previstas durante o curso académico estarán dentro dos acordos establecidos no departamento e deberán poder levarse a cabo xunto co desenvolvemento da programación didáctica.

Como todos os anos, farase ao principio do ano algunhas propostas e a programación das visitas a empresas téxtiles en reunión de departamento, que logo levaranse segundo o calendario e a determinación das empresas ademais da consecución da programación didáctica, condicións climatolóxicas, etc.

10. Outros apartados

10.1) MECANISMO DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

MECANISMO DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Os mecanismos de información ao alumnado sobre os resultados de aprendizaxe do módulo, como son os contidos, criterios de avaliación e de cualificación, a metodoloxía empregada e os instrumentos de avaliación para superar dito módulo, realizarase ao comezo do curso na presentación. Ademais o profesorado colgará a documentación que recolle estes mecanismos na aula virtual do centro, no caso de dispor dela, en cuxo caso estará en formato impreso no taboleiro de anuncios da aula de referencia, para que o alumnado poida revisalos en calquera momento.

Calquera outra información, relacionada coas tarefas, datas de entrega ou de probas escritas, transmitirase ao alumnado a través da aula virtual do centro, no caso de dispor dela, ou no seu caso, mediante o correo corporativo do profesorado ou en outro canal que sexa acorde co alumnado.